

NOTA DE PRENSA

A Casa de la Troya organizará, a partir deste venres, visitas culturais teatralizadas polo centro histórico de Santiago e o museo todos os venres de maio e xuño

Combinarase a información cultural e histórica co humor, a través dun guía caracterizado como un dos personaxes da novela de Pérez Lugín, que vencellará os lugares que se visiten coa trama do libro

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa de la Troya inicia este venres, 4 de maio, a súa temporada de verán. O museo, que está pechado nos meses de inverno, reabrirá de novo as súas portas, e poderá visitarse todos os venres e sábados, dente esta semana ata mediados de xullo, en horario de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas (os venres prolóngase ata as 22:00 horas), acompañados das explicacións das guías do museo. E dende mediados de xullo ata principios de setembro abrirá no seu horario habitual de verán, durante toda a semana e pechando os domingos e os luns.

Este venres o Museo Casa de la Troya inicia de novo a actividade dos *Venres Troyanos*, que se poñía en marcha o ano pasado con grande éxito entre público de todas as idades e agora vaise desenvolver todos os venres de maio e xuño. “Trátase de roteiros culturais teatralizados por diferentes rúas e prazas do centro histórico de Compostela, seguidos dunha visita ao museo, co fin de contextualizalo no marco da cidade e do seu tempo” -explica **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, entidade que xestiona o museo-.

Dous roteiros gratuítos, o 18 de maio e o 1 de xuño

Estes roteiros dramatizados pola cidade histórica, realizados en colaboración co Concello de Santiago, partirán dende a praza do Toural. A duración aproximada do percorrido e da visita ao museo será de unha hora e media, dende as 20:30 ata as 22:00 horas. O número máximo de participantes por cada visita será de 15 e ten un custo de 1 € por persoa. A inscrición pódese facer chamando ao museo (**981 585 159**). Haberá dous roteiros gratuítos, sen visita ao museo: o 18 de maio, con motivo do Día Mundial dos Museos, realizarase unha ruta cantada, partindo da estatua de Rosalía de Castro na Alameda; e o 1 de xuño, coincidindo coa celebración da Semana do Libro de Compostela, o percorrido sairá da Casa de la Troya.

Nesta actividade búscase combinar a información cultural e histórica co humor. O guía caracterizarase como un personaxe da novela *La casa de la Troya* de Alejandro Pérez Lugín, que ademais vencellará os lugares que se visiten coa trama do libro. Trátase de **Suso Martínez**, historiador, guía turístico, divulgador e actor especializado na historia de Galicia, que leva máis dunha década realizando visitas guiadas dramatizadas. Fará a ruta caracterizado como o personaxe de Barcala, que “representa ao estudante troiano” -tal como indican dende o museo-.